

As primeiras traducións de literatura infantil e xuvenil ao galego: normas de tradución, difusión e recepción¹

Mónica Domínguez Pérez

[Recibido, xullo 2008; aceptado, outubro 2008]

RESUMO: Tras a Guerra Civil española non se publica en galego ningún título infantil e xuvenil até 1966. Neste ano e no seguinte coeditanse con La Galera catro traducións do catalán e do castelán que son as pioneiras do sistema literario infantil e xuvenil galego. Neste artigo analizaranse as devanditas traducións dende diferentes puntos de vista: os seus produtores, características, achegas á literatura infantil galega, normas de tradución, recepción, etc. Deste xeito poderase observar como o nacemento da literatura infantil galega se atopa estreitamente vinculado aos polisistemas catalán e castelán.

PALABRAS CHAVE: literatura infantil galega, traducións, historia literaria, recepción.

ABSTRACT: No literature aimed at the children's market was published in Galician between the end of the Civil War and 1966. In that year and in 1967 four translations from Catalan and Castilian are jointly published by Galaxia and the Catalan publisher La Galera, which inaugurate the Galician children's literature system. This article examines these translations from various viewpoints: production, reception, and so on. Thus one may see how the birth of Galician children's literature is closely linked to the Catalan and Castilian polysystems.

KEYWORDS: Galician children's literature, translations, literary history, reception.

En 1966 e 1967 Ediciones La Galera e Galaxia inician as súas coedicións: dúas coleccións compostas de cinco títulos en total, catro dos cales constitúen as primeiras traducións de Literatura Infantil e Xuvenil (dende agora LIX) publicadas en galego tras a Guerra Civil. A análise destas obras permitirá

¹ Este traballo forma parte do proxecto de investigación "Cara a unha teoría da historia comparada das literaturas dende o dominio ibérico" (HUM2007-62467), financiado polo Ministerio de Educación e Ciencia e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Tradución do castelán ao galego, Marta Neira Rodríguez.

observar como se formou o sistema de LIX galega dende os seus inicios, percibindo as achegas realizadas polas traducións. En canto á obra autóctona (Xohana Torres, 1967), non será analizada neste artigo por ser obxecto doutro traballo (Domínguez, 2008a).

No período da literatura galega anterior á Guerra Civil editáronse dúas obras dramáticas infantís (J. Acuña, 1936; Álvaro de las Casas, 1936), dous contos (Díaz Balaño, 1928; Correa Calderón, 1927) e unha lenda traducida do inglés (Chisholm, 1922). Esta última non será analizada aquí por pertencer a unha etapa moi diferente á que se considera. Hai que ter en conta que tras a Guerra Civil detense a edición debido á censura que se exercía sobre as publicacións en linguas periféricas. Na literatura galega da resistencia apenas se mostra preocupación polas lecturas dos nenos, contrariamente ao acontecido en Cataluña, onde reedicións e traducións da LIX se levan a cabo dende 1946. Só no exilio galego, en Arxentina e Cuba, publícanse unhas poucas obras (Cobas Brenlla, 1991), que ao non seren difundidas en Galicia non forman parte do polisistema galego. Unicamente as que foron reeditadas en Galicia, xa na etapa seguinte, se incorporaron a este polisistema. De aí que non sexan obxecto de estudo deste artigo.

38

Nas LIXs catalá e vasca retómase a edición máis ou menos regular dende os primeiros anos sesenta. A introdución do ensino do catalán e o éuscaro nalgúns escolas facilita xa a formación dun lectorado e uns produtores de LIX, aínda que fose a escala moi reducida. En Galicia, en cambio, non se utiliza o galego nas escolas até un ano despois da reforma educativa de 1970 (Costa, 1996: 36), o que provoca que o desenvolvemento da LIX se dese máis tardia-mente. Até entón os nenos eran escolarizados sempre en castelán e podían acceder, se pertencían a unha clase social media-alta, aos libros de LIX do sistema central da comunidade interliteraria específica española (Domínguez, 2008b). As revistas castelás, polo seu prezo, eran máis alcanzábeis. As lecturas que nenos e mozos fixesen en galego terían un carácter esporádico, tanto pola falta de hábito lector nesta lingua como pola ausencia de libros destinados a eles e pola escasa difusión que até entón alcanzara a literatura galega.

No catálogo de Roig (2006a), na bibliografía do colectivo catalán Rosa Sensat (Lissón *et al.*, 1980) ou na historia da LIX de Cobas Brenlla (1991) inclúense algúns libros que puideron ser lidos por nenos e mozos, que mesmo participaron na elaboración dalgún². Estes libros non foron, non obstante,

² Graña (1963), recollidos nos centros escolares.

dirixidos á infancia e á xuventude, e polo tanto os seus paratextos non se diferencian dos da literatura de adultos. De feito, a selección de títulos difire, en boa medida, nas tres obras de referencia mencionadas. Recordemos que nos anos sesenta a escaseza da LIX galega determina que os límites deste sistema en formación sexan difusos, e por tanto que se puidesen aceptar como lecturas para a infancia e a xuventude obras que eran lidas maioritariamente polos adultos. Esta falta de delimitación tamén provoca que algunhas obras pensadas para a infancia e a xuventude fosen publicadas con paratextos non de LIX: *Non debían medrar*³, *Fas e Nefas*⁴... Algo similar acontece con *Belén en Galicia: versos infantiles y populares que se recitan en la costa norte de Galicia ante el "Nacimiento"* (Benigno López e José M^a Paz, 1956). Aínda que as composicións están en galego, o título en castelán manifesta a diglosia lingüística e o carácter erudito do libro.

O desenvolvemento da LIX catalá e vasca durante os anos sesenta creou a conciencia dunha lagoa no polisistema galego⁵, pero até 1966 non ten lugar ningunha iniciativa tendente a paliar tal ausencia. Neste ano aparecen as primeiras publicacións de literatura con paratextos infantís: dúas traducións coeditadas por Galaxia e La Galera.

Esta última entidade era unha empresa familiar vinculada ao movemento de renovación pedagóxica de Cataluña, que lideraba naquel momento a formación do sistema de LIX catalá tras a Guerra Civil. Había xa dous anos que publicaba os seus títulos en catalán e castelán; intentáboo agora nos mercados de LIX vasca e galega. Na primeira delas coedita con Edili algunhas traducións de "Desplega velas", unha colección de textos breves e de poucas páxinas. Na LIX galega, coa colaboración de Galaxia, lanza tanto esta colección coma "A galea de ouro", de maiores custos. Ao mesmo tempo, La Galera amplía o seu mercado con outras dúas coleccións en dobre edición catalá e castelá. As coedicións con Galaxia, pois, constitúen só un dos recursos da editorial para ampliar o seu mercado, ao mesmo tempo que fomenta a creación dun novo sistema de LIX periférico na comunidade interliteraria específica española.

³ Segundo Roig (1996): Lueiro Rey (1974).

⁴ Incluída en Blanco-Amor (1974). Esta obra, para representar por actores de entre doce e catorce anos, gañou un "concurso nacional de teatro infantil convocado por un colexio de nenos ricos, en 1964" (1974: 14) en Bos Aires. Dende 1993 editase na colección "Árbore" de Galaxia.

⁵ A incidencia de Neira Vilas, escritor galego exiliado en Cuba, tamén foi decisiva a este respecto, segundo se reflicte en Neira Vilas (1999).

A outra das entidades participantes, Galaxia, era unha editorial creada en 1950 por destacados galeguistas, cuxo obxectivo principal era a defensa e promoción da identidade galega a todos os niveis: cultural, político, lingüístico... Galaxia era a editorial máis activa do momento en Galicia; os seus fondos contaban tanto cos clásicos da literatura galega coma con autores vangardistas. Non obstante, a industria editorial en Galicia non permitía a produción dos álbums ilustrados a toda cor que se estaban a realizar nos outros sistemas do ámbito español (Roig, 1996). Por outra banda, estes libros resultaban moi caros e o lectorado potencial de LIX en galego era moi escaso. O reducido volume de vendas previsto non facía rendíbel a edición. Á súa vez, era difícil crear un lectorado propio sen este tipo de obras, axeitadas ás necesidades dos que comezaban a ler, co fin de que adquirisen o hábito da lectura en galego dende un principio.

40 Con este obxectivo en mente, os responsábeis de Galaxia emprenderon as colaboracións coa editorial catalá. A posibilidade de coeditar con La Galera as obras centrais da LIX catalá, publicándoas simultaneamente tamén ás traducións castelás, foi unha oportunidade que os editores de Galaxia non quixeron desaproveitar. As motivacións, pois, foron en parte diferentes entre os representantes dunha e outra literatura: La Galera buscaba maiores beneficios económicos ampliando os seus mercados, conscientes de que os seus produtos en castelán non gozaban de gran difusión en Galicia. Ao mesmo tempo, facía promoción da literatura catalá coas súas obras e autores, e favorecía a creación dun novo sistema de LIX periférico na comunidade interliteraria específica, co que poder intercambiar os seus produtos a través de traducións mutuas. Os intereses de Galaxia, pola contra, residían na creación dun sistema galego de LIX, que ademais de ampliar o mercado por si mesmo supuxese a formación dos lectores en galego para os outros tipos de publicacións. A defensa da cultura galega e a normalización lingüística achábanse, pois, na raíz desta iniciativa por parte dos produtores galegos.

Foron os editores de La Galera os que propuxeron a selección de textos que se ían traducir⁶. Escolleron as dúas coleccións que máis títulos presenta-

⁶ Esta e outras declaracións foron feitas por Fernández del Riego (director de Galaxia entre 1950 e 1974), nunha entrevista concedida o 22 de xuño de 2006; e por Romà Dòria (director de La Galera entre 1976 e 1995), en entrevista do 11 de xaneiro de 2007. A dificultade ou imposibilidade de obter certos datos escritos na época estudada fan das conversas cos produtores a única forma de conseguilos. Convén tomalos, non obstante, con certa cautela.

ban até o momento, exceptuando a serie de contos de Díaz-Plaja (“La ruta del sol”), publicada un ano antes. As coleccións seleccionadas corresponden a diversos autores, ilustradores e tradutores, polo que podían achegar unha maior variedade que as obras de Díaz-Plaja, moito máis homoxéneas. Este aspecto da variedade considerábase importante: “el niño de 7-8 años empieza ya a ser sensible al estilo artístico, pero deben dársele estilos muy distintos para que no le marquen” (folla exenta difundida por La Galera). As dúas coleccións seleccionadas recibían, ademais, moi boa crítica. Son tamén as primeiras coleccións de La Galera que tiveron as súas homólogas vascas. Trátase, pois, de dúas coleccións emblemáticas na historia da LIX do ámbito español.

1. Presentación dos títulos e os seus autores

En 1966 elaboráronse as dúas coedicións de “A galea de ouro” (“La galera d’or” en catalán), a colección que aínda non fixera a súa aparición no sistema vasco. Non houbo unha selección concreta de textos dentro da colección, senón que se traduciron ao galego as dúas únicas obras presentadas ese ano na colección catalá: *O abeto valente* (Cots, 1966b) e *O globo de papel* (Vives, 1966b). Impuxéronse, polo tanto, os plans de La Galera. A primeira das obras mencionadas foi escrita por Jordi Cots Moner e ilustrada por Maria Rius Camps. O escritor foi un dos fundadores da Asociación de Mestres Rosa Sensat, pertenciu ao xurado do premio Folch i Torres, publicou artigos sobre educación, dirixira un grupo de teatro infantil catalán... (Ventura, 1970). Non era, polo tanto, un descoñecido para os que se dedicaban directa ou indirectamente á LIX en Cataluña. Non obstante, o seu primeiro libro infantil é *O abeto valente*, co que se dá a coñecer en todo o territorio español. Ao ano seguinte publica outra obra da mesma colección (Cots, 1967), aínda que xa non traducida ao galego. Posteriormente colabora, xunto con outros autores, na redacción de tres volumes da colección “Contes populares” (Garberí *et al.*, 1970, 1971; Cots e Maspons, 1973), que ao non contar coa tradución galega tampouco alcanzaron unha gran difusión en Galicia⁷. Outra faceta de Cots é a de defensor dos dereitos dos nenos, á que dedica os seus libros máis recentes.

En canto a Maria Rius, é unha das ilustradoras catalás máis prolíficas daqueles anos. Realizou moitos traballos para as coleccións “La ruta del sol”

⁷ Só de Cots e Maspons (1973) se rexistran tres exemplares na Rede de Bibliotecas de Galicia, anteriores a 1980.

(La Galera, 1965) e “Tè diré” (Teide, posterior a 1966). Recibiu varios premios, entre os que se atopa o Lazarillo de Ilustración en 1968 e o da CCEI en 1971, ambos por títulos incluídos no corpus. Non obstante, en Galicia a difusión das dúas coleccións mencionadas é moi reducida⁸.

Unha das características máis destacadas de *Cots* (1966b) é a voz en primeira persoa do neno protagonista, trazo frecuente nas dúas coleccións de La Galera que se traducen ao galego por aqueles anos. Tamén as páxinas finais cun glosario de termos, actividades e unha canción coa súa partitura constitúen novidades na literatura galega. Delas só o glosario será retomado, aínda que sen ilustracións e con definicións convencionais ou tradución dos termos, nos libros de autores galegos. É dicir, esta sección final, común a todos os volumes da colección, presenta uns trazos que non se repetirán na LIX galega autóctona. Polo demais, as características deste conto son bastante frecuentes nas LIXs catalá e castelá daqueles anos: o tema da amizade, o transcurso lineal do tempo (aínda que con algunhas elipses de varios anos), o espazo real e cotián, o protagonista neno e a estrutura tripartita clásica.

42

O globo de papel, pola súa banda, foi escrito por Elisa Vives de Fàbregas, autora descoñecida, e ilustrado por Fina Rifà. Era esta unha ilustradora moi prolífica cuxas obras de LIX traducidas eran case sempre para revistas ou para La Galera, principalmente para “La galera d’or”, “Desplega vela” e, despois de 1966, “Les coses de cada día”. É dicir, os libros que ilustraba eran case sempre para os primeiros lectores. Ademais, todos eles contaban cunha redacción castelá e algúns tamén vasca, polo que a súa difusión alcanzaba, coa tradución ao galego, toda a comunidade interliteraria específica.

Vives (1966b) presenta un “eu protagonista” (Villanueva 1989), ao igual que *Cots* (1966b), pero esta vez corresponde a un obxecto: o que dá título ao libro. A novidade é, polo tanto, maior neste caso, se ben o resto dos elementos volven ser os tradicionais: transcurso lineal do tempo, espazo cotián, estrutura clásica... Na páxina final do libro reproducense neste caso instrucións para fabricar un globo coma o do conto, e non unha canción coma no libro anteriormente comentado.

⁸ Non se encontra ningún exemplar na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Estas dúas traducións coeditadas, aínda que preparadas xa en 1966, non saíron á venda até 1967 (Cobas Brenlla, 1991: 67), debido ás dificultades con que se atopaba unha editorial de carácter galeguista durante a ditadura. En 1967 preparáronse tamén as dúas traducións de “Desplega velas” e a obra de Xohana Torres (1967) que La Galera editaría, nas coleccións homólogas, en edición catalá, castelá e vasca. As traducións galegas non saíron á venda até 1968, segundo se desprende da data indicada na reedición da obra galega⁹.

En 1967 “Desplega vela” (en catalán, e tamén en castelán) presenta cinco novos títulos, ademais da tradución do galego. Saíron en abril e decembro, pero só os da segunda remesa se traduciron ao galego. A selección, polo tanto, realizábaa La Galera tendo en conta os seus intereses, o seu ritmo de publicación, e non os libros que serían mellor aceptados polos consumidores galegos. De feito, a perspectiva da inmigración que ofrecía *Unha nova terra* (Candel, 1967b) invertíase en Galicia, pobo de emigrantes por aquela época. De aí que se propuxese elaborar unha obra nova, escrita por Xohana Torres, que ofrecese a perspectiva galega. De todos os xeitos, as traducións de “Desplega velas” introduciron nos libros infantís galegos algunhas das correntes máis en voga nas literaturas do contorno: o realismo crítico (Candel, 1967b) e o multiculturalismo (Valeri, 1967b). Os mesmos títulos traducíronse ao éuscaro, favorecendo neste último caso o feito de que a ilustradora fose vasca.

Todos os nenos do mundo seremos amigos (Valeri, 1967b) foi escrito por Maria Eulàlia Valeri Ferret, mestra e bibliotecaria pertencente ao seminario Rosa Sensat e membro do xurado do premio Folch i Torres (Ventura, 1970). Trátase dunha das máis activas defensoras da renovación pedagóxica e unha das máis prolíficas escritoras e adaptadoras de La Galera. Ademais realizou varias traducións ao catalán de obras alleas. Na literatura catalá, pois, era amplamente coñecida entre aqueles que se dedicaban á LIX. En Galicia a difusión das catro obras de “Desplega velas” que publicara antes de 1967 foi menor, o que en parte explica que a tradución galega non gozase de gran repercusión. Outro tanto poderíase dicir de Asun Balzola Elorza, a escritora e ilustradora de orixe vasca que nos anos sesenta iniciaba unha carreira que a enxalzaría como unha das máis prestixiosas ilustradoras de LIX do ámbito español. De feito, en 1965 xa recibira o Premio Lazarillo de Ilustración. Porén, a súa primeira aparición

⁹ Non obstante, os libros estaban xa confeccionados e foron presentados na feira de Boloña, como se indica en VV.AA. (1988).

en traducións entre linguas do ámbito español corresponde a este libro de La Galera, polo que anteriormente non era moi coñecida entre o público galego¹⁰.

Todos os nenos do mundo seremos amigos responde á temática multicultural e ao desexo de establecer pontes de comprensión e respecto entre nenos de diferentes culturas. Demostra, non obstante, que esta motivación pode dar lugar a creacións máis ou menos estereotipadas sobre as culturas estranxeiras, e non unicamente a traducións procedentes das culturas representadas, que era o propósito dos que defendían nos anos sesenta e setenta tal obxectivo para a LIX. Neste caso é unha cultura do propio ámbito español, a catalá, a que transmite imaxes doutras culturas moito máis afastadas.

Xunto ás características tradicionais deste conto (narrador omnisciente, tempo lineal breve, nenos protagonistas...) destaca a multiplicidade de espazos exóticos, se ben estes non forman parte do relato principal senón do discurso dos personaxes, achegados ao lector a través das ilustracións. A estrutura clásica inclúe aquí, na súa parte central, varias secuencias paralelas xustapostas. Non obstante, isto non é unha gran novidade, xa que tal estrutura era frecuente nos relatos populares.

44

Unha nova terra (Candel, 1967b) é a única das catro obras coeditadas en galego cuxo texto fonte está en castelán. O escritor, Francisco Candel Tortajada, é de orixe valenciano pero viviu case sempre en Barcelona. Dende 1951 escribía novelas en castelán, alcanzando certo éxito nas obras sobre a inmigración (Ventura, 1970), como é o caso que nos ocupa. Dentro da LIX só presenta esta obra e outra da mesma colección, que xa non foi traducida máis que ao castelán. En canto a Cesc (pseudónimo de F. Vila), o ilustrador d'*Unha nova terra*, apenas traballou para a LIX, aínda que é tamén autor de libros de texto e outras obras non infantís.

Candel (1967b) introduce o realismo crítico nos libros infantís galegos¹¹, se ben as referencias non son específicas da realidade galega, como si acontecería na obra de escritores autóctonos como Xosé Neira Vilas. Formalmente,

¹⁰ Na Rede de Bibliotecas de Galicia, por exemplo, só se recollen catro exemplares de dous libros anteriores a 1966 ilustrados por Balzola.

¹¹ A crítica tende a incluír nesta corrente todos os títulos coeditados nesta etapa (por exemplo, Roig, 2004: 155), pero a crítica social non é tan evidente nos outros libros coma no de Candel (1967b).

Unha nova terra non supón ningunha novidade: a voz en primeira persoa do neno protagonista, o tempo lineal aínda que con eclipse, os espazos cotiáns (contrastando o campo coa cidade) e a estrutura clásica son as características desta obra, cuxo estilo foi comentado por Roig (1996): “Utilízase unha técnica ou modo telegráfico: moitos puntos e frases curtas que se corresponden coa forma de falar do menor; pouca adxectivación e elementais tempos verbais”.

As catro obras que se acaban de presentar foron traducidas ao galego por Xohana Torres Fernández, o que mostra que no polisistema galego a LIX naceu tamén, coma noutras moitas literaturas, máis asociada ás tarefas femininas que masculinas. De feito, só un dos ilustradores e a metade dos escritores destas catro obras foron varóns. En canto a Xohana Torres, encargouse das traducións porque xa era colaboradora habitual de Galaxia e naqueles anos xa contaba con máis dun premio literario –como o Premio de Poesía da Asociación da Prensa de Vigo (1958) e o Premio Castelao de teatro (1966)–, aínda que non se estreira como tradutora. Co tempo converteríase nunha das escritoras galegas máis destacadas, se ben só escribiu dúas obras de LIX. Ademais traduciu e adaptou ao galego contos da literatura universal.

2. Normas de tradución

O descoñecemento do catalán por parte de Xohana Torres fixo que as traducións dos libros de La Galera se realizasen indirectamente, dende a literatura central da comunidade interliteraria específica (o castelán), como suxiren estes exemplos¹²:

	CATALÁN	CASTELÁN	GALEGO
Cots (1966: 5)	treballava amb la seva grossa destal	trabajaba cortando leña con su enorme hacha	traballaba a cortar leña co seu machado enorme
Cots (1966: 10)	havia crescut	había crecido un poco	tiña crecido un pouco
Vives (1966)	M'en vaig enlaire	Y subo, subo	E rubo, rubo
Valeri (1967b: 8)	plats i olletes	cacharros de cocina de juguete	cacharriños de cocina, de xoguete
Valeri (1967b: 4)	pal	largo palo	longo varal

¹² Estes exemplos non permiten asegurar que o texto castelán fose o único consultado e, de feito, parece que a redacción catalá serviu de apoio para cuestións de puntuación. Non obstante, todo indica que as traducións de Xohana Torres foron realizadas dende os textos casteláns e non cataláns.

Maniféstase así a dependencia respecto ao castelán que tiña por aqueles anos o polisistema galego. O seu escaso desenvolvemento condicionaba que non houbera bos tradutores de todas as linguas, nin sequera dunha tan próxima xeográfica e lingüísticamente como o catalán. Os tradutores non poderían vivir unicamente desta tarefa. Recórrese, polo tanto, a unha escritora e a unha lingua coñecida por todos en lugar de ao texto de orixe. Isto demostra que o valor das traducións non residía en facer comprensíbel o que estaba nunha lingua descoñecida, senón na normalización lingüística e literaria, fomentando o galego e a creación dun sistema propio de LIX. O resultado, o texto e o sistema meta, era o que importaba, moito máis que o texto de partida. Non obstante, nos libros declárase: “traducido do catalán” (salvo en Candel, 1967b: “traducido do castelán”), ocultando así a dependencia da literatura central.

Na tradución destas obras consérvanse os paratextos, as ilustracións, os modelos repertoriais e a macro-estrutura dos libros cataláns e casteláns: a distribución do texto entre as páxinas, o glosario e actividades finais... O texto, pola súa banda, atópase moito máis próximo ás estruturas castelás, xa que esta parece ser a lingua ponte. Analízanse as traducións, polo tanto, dende a redacción castelá, que á súa vez se atopa bastante próxima ao texto de orixe. No libro de Vives (1966b), de feito, a páxina de créditos atópase en castelán, exactamente coma no texto ponte salvo un lixeiro cambio de posición do ex libris na páxina. Reflictese así a dependencia da lingua central da comunidade interliteraria específica.

As traducións tenden en boa medida cara á adecuación, a pesar de que Xohana Torres asegura que non tivo ningún condicionamento a este respecto e que o resultado foron unhas traducións “libérrimas”¹³. Só en Valeri (1967b) a diferenza é considerábel entre un grao de adecuación maior na tradución castelá e unha maior aceptabilidade na galega.

As traducións conservan frecuentemente as mesmas estruturas sintácticas que en castelán, salvo que non existan na lingua galega ou se consideren pouco propias desta, por coincidir coas estruturas castelás: “rema que te rema” → “unha remada e mais outra” (Vives, 1966b: 11¹⁴), “cortando leña” → “a cortar

¹³ En conversación telefónica do 20 de xuño de 2006, ao igual que outros detalles sobre a redacción destas traducións.

¹⁴ Aínda que as páxinas non están numeradas en ningunha das dúas coleccións analizadas, cítanse aquí segundo a seguinte paxinación: en “La galera de oro” considérase a cuberta como páxina 1. En “Despliega velas” a primeira páxina é o reverso da cuberta anterior, a páxina 8 é a despregábel (ao completo) e a páxina 9 a de actividades.

leña” (Cots, 1966b: 5). En Valeri (1967b) os cambios de estrutura son máis frecuentes, por exemplo: “lugares donde ha estado” → “lugares que percorreu” (1967b: 1). De todos os xeitos, hai que recordar que por estes anos non se publicaran aínda as normas da Real Academia Galega. De aí que algunhas expresións que semellan calcos sintácticos do castelán poidan entenderse como intentos de fixar unhas expresións similares en galego: “¡Por fin!” → “¡Ao cabo!”, “¡Hasta la vista!” → “¡Hastra máis ver!” (Vives, 1966b: 16), “ya entonces” → “xa entón” (Cots, 1966b: 14)¹⁵. Tamén o uso da preposición “a” co complemento directo pode considerarse aquí un calco sintáctico do castelán, que humaniza o obxecto-personaxe: “mirar ao meu abeto” (Cots, 1966b: 16).

Malia todo, o que predomina é un galego diferencial con respecto ao castelán, tanto nas formas léxicas coma noutros tipos de palabras, buscando expresións distintas: “texto” → “contido” (todos os volumes), “pero” → “pois” (Vives, 1966b: 6), “pienso” → “decátome” (Candel, 1967b: 1), “montaña” → “montana” (Cots, 1966b: 3). Algunhas palabras consideraríanse hoxe en día hipergaleguismos. O diferencialismo maniféstase tamén nas interxeccións: “¡Huy!” → “¡Ai!” (Vives, 1966b: 11), “¡Eh!” → “¡Ei!” (Candel, 1966c: 3)... Algunhas veces recórrese a expresións propias do galego, aínda que o seu significado non sempre é o mesmo que en castelán: “cuidadosamente” → “moi a modiño” (Vives, 1966b: 15), “hombre mayor” → “home feito” (Cots, 1966b: 16), “con gran cuidado” → “con moito xeito” (Cots, 1966b: 19). Outras veces parece que se engade unha palabra ou expresión galega coa única intención de facela frecuente para os lectores: “de vagar” (Valeri, 1967b: 7), “un mar de” (Valeri, 1967b: 8), etc.

A pesar das dificultades lingüísticas que este galego diferencial podía comportar para nenos pouco habituados a ler en galego, obsérvase tamén a tendencia a facilitar a lectura a través da división nun número maior de parágrafos (Vives, 1966b: 4; Cots, 1966b: 13) e cláusulas independentes: “unos payasos hacen cabriolas, han quemado fuegos artificiales” → “Uns paiasos dan pinchos carneiros. Botáronse foguetes de luceiría” (Vives, 1966b: 4). Outro tanto acontece coa orde das palabras, que en ocasións se cambia para facilitar a comprensión: “Como a mí, le gustaba al abeto” → “Ao abeto gostáballe,

¹⁵ Nesta análise tradutolóxica móstranse só dous ou tres exemplos de cada aspecto, aínda que se poidan atopar máis nos textos analizados.

igonal que a mín” (Cots, 1966b: 13). A mesma intención parece motivar a posposición de adxectivos que en castelán aparecían antepostos: “grandes cactus” → “catus xigantes” (Valeri, 1967b: 5), “de los más altos abetos” → “dos abetos máis altos” (Cots, 1966b: 6). Outros cambios máis puntuais atinxen aos cuantificadores: “mucho” → “verdadeiramente” (Cots, 1966b: 16); ao tempo verbal: “grita” → “berraba” (Vives, 1966b: 12), etc.

As supresións e adicións son moi escasas e adoitan limitarse a unha palabra que apenas cambia o sentido do texto, por exemplo: “arriba” (Vives, 1966b: 18), “ya” (Cots, 1966b: 13) suprímense, “Mesmamente” (Vives, 1966b: 16), “enteiro” (Valeri, 1967b: 3) engádense. Tamén as comas se suprimen ou se engaden en ocasións.

En canto ás referencias culturais, obsérvase a domesticación nos antropónimos dos personaxes: “Juan” → “Xoán” (Valeri, 1967b: 1), “Manuel” → “Manoel” (Valeri, 1967b: 4). Tamén se busca unha forma hipocorística co fin de que resulte diferencial: “Mercedes” → “Chiruca” (Valeri, 1967b: 6). Os nomes estranxeiros mantéñense como referencias exóticas: “Ekal” (Valeri, 1967b: 3), “Pieter” (Valeri, 1967b: 4). Pero o diminutivo adáptase, perdendo así as resonancias mexicanas do nome: “Lupita” → “Lupiña” (Valeri, 1967b: 5). Tamén se traducen referencias como “Fiesta mayor” → “día do Patrón” (Vives, 1966b: 12), aínda que tanto neste caso coma en “día do meu Santo” (Vives, 1966b: 12) se recorre a unha maiúscula inicial pouco habitual no galego actual, segundo os casos recuperados no CORGA (*Corpus de Referencia do Galego Actual*, 2007). En “barretina” → “barrete” (Valeri, 1967b: 8) cámbiase unha referencia cultural catalá por un tipo de gorro que non é tipicamente galego nin propio dos nenos, polo que a súa presenza no texto perde sentido.

Os nomes dos autores, que en castelán se adaptan (“Jordi” → “Jorge”, Cots, 1966b: 1), en galego manteñen a forma catalá (“Jordi”). Só se cambian os acentos: “Fàbregas” → “Fábregas”, “Rifà” → “Rifá” (Vives, 1966b), “Maria” → “María” (Cots, 1966b). Deste xeito respéctanse as normas ortográficas do galego e evítase que os tiles parezan erróneos. Non se oculta a orixe foránea dos autores, aínda que se intenta reforzar a lingua galega (coas súas normas ortográficas, léxico diferencial e expresións propias) e a cultura que transmite. Só no caso de “Eulàlia” mantense o acento grave, creando unha incoherencia na tradución.

No lema que aparece na cuberta do libro de Cots (1966b) Xohana Torres concede prioridade á rima, o que provoca un cambio de significado. Agora parece referirse á sementeira no campo e non a unha actitude vital:

quien siembra ilusiones recoge satisfacciones	Sementa e cría e terás alegría
--	--------------------------------------

En cambio, a canción final do libro escrito por Cots (1966b) tradúcese, dando tanta importancia ao significado coma á forma. Neste caso parece terse en conta os dous textos anteriores, catalán e castelán. O resultado é unha canción que transmite as mesmas ideas aínda que de distinto xeito, e que mantén uns esquemas rítmicos e de rima similares aínda que non idénticos. A partitura e a ilustración non sofren variacións.

As traducións realizáronse despois de ver as ilustracións, que representan paisaxes catalás (Roig, 1996). Este aspecto é máis discreto en Cots (1966b), xa que o mundo rural e a montaña son ambientes que doadamente se poden atopar tanto na Galicia real coma na literatura galega. Agora ben, o abeto non é unha árbore típica de Galicia, como si o é dos Pireneos. Resulta máis próximo á realidade cultural catalá e posúe nesta un maior significado simbólico. En Vives (1966b) as referencias catalás son evidentes nas ilustracións, e en menor medida no texto: “las palmeras del pueblo marinero” (1966 b: 8, “¡Qué lameda chea de palmeiras!”), o letreiro (dificilmente lexíbel) “LLIBRERIA”, os botes de vela triangular... En Candel (1967b) as ilustracións mostran unha cidade máis grande que as galegas, por exemplo, a través dunha estación de tren de moitas vías (1967b: 3). E o plano da páxina 5 poderíase identificar como o de Barcelona, polo debuxo dos portos, do mamut do parque da Ciutadella, as montañas que rodean a cidade... De todos os xeitos, estas referencias poden pasar desapercibidas para os lectores galegos.

3. Difusión e recepción

Segundo os datos tirados do arquivo de La Galera, as tiraxes das traducións galegas, de 3.000 exemplares cada unha, superaban as catalás, de 2.500, e igualaban as castelás de “La galera de oro”. “Despliega velas” (en castelán) superaba as

tiraxes galegas, con 3.750 exemplares das obras de Valeri e Candel. As traducións vascas saíran con 6.000 exemplares en 1966, pero ante o fracaso reduciuse a cifra a 750. Enténdese, polo tanto, que a produción galega era excesiva para un momento en que o mercado de LIX en galego era inexistente.

As catro traducións distribuíronse polas canles de venda habituais de Galaxia: os subscritores e as librarías, incluídas algunhas de Madrid, Barcelona, Portugal e outros lugares. De todos os xeitos, non todas as librarías aceptaron vender estes libros e as que o fixeron déronlles moi pouca visibilidade. Fernández Paz (1995: 231) resalta que estas traducións apenas chegaron ao ámbito rural. A análise dos catálogos comerciais de Galaxia revela que as edicións se esgotaron aproximadamente entre o verán de 1978, en que aínda se vendían todos os títulos salvo o escrito por Xohana Torres, e abril de 1979, en que xa só quedaban exemplares da obra de Vives (1966b). Tres observacións poden extraerse destes datos: por unha parte, que a venda de LIX galega (tamén a doutras obras) aumentou considerabelmente un pouco antes da implantación do galego como materia obrigatoria na escola (en 1979). Por outra banda, a venda máis rápida do libro autóctono parece reflectir a preferencia do público por este tipo de obras sobre as traducións; aínda que as tres edicións do libro de Sain-Exupéry (1972) en cinco anos apuntan á tendencia contraria. Unha terceira observación refírese ao título de menor saída no mercado: *O globo de papel* (Vives, 1966b) é o menos realista, o menos crítico e o que máis se afasta das formas de vida galegas. Talvez estes trazos afectasen á aceptación recibida entre o lectorado.

Se comparamos estes datos cos das edicións catalás e castelás, podemos afirmar que a comercialización de “La galera de oro” resultou mellor na LIX castelá, xa que en 1979 saía a terceira edición de Vives (1966a) e a cuarta de Cots (1966b). Na LIX catalá hai unha edición menos para cada título, pero en calquera caso o éxito é maior que na galega. Tamén a obra de Candel (1967) se reeditou, aínda que só en catalán, en 1971. Ademais as edicións de “Despliega velas” en catalán e castelán esgotáronse antes de outubro de 1975, segundo os catálogos editoriais, mentres que en galego tardaron uns anos máis. De todos os xeitos, hai que ter en conta que as tiraxes galegas eran maiores en proporción para o pequeno mercado da literatura en galego.

Os catálogos editoriais de Galaxia ofrecen outros datos interesantes, non só para este grupo de traducións senón tamén para o conxunto da LIX galega.

Por exemplo, o feito de que os títulos de “A galea de ouro” se manteñan sempre en primeiro lugar dentro da sección infantil dos catálogos revela a confianza que nesta colección tiñan os produtores de Galaxia. Os títulos de “Desplega velas”, en cambio, aparecen desprazados case ao final da lista no catálogo de 1972. O menor carácter literario e a carga pedagóxica da colección parecen explicalo. En calquera caso, a posición dos libros infantís en xeral viuse modificada progresivamente, dende o catálogo de 1966 que os situaba dentro da “Colección literaria”, nas primeiras páxinas, até 1976, en que aparecen en último lugar xunto cun libro escolar. É razoábel pensar que este desprazamento se debe á desilusión progresiva que supuxo ver desprezados e esquecidos uns produtos novidosos que os editores consideraban importantes. Para lexítimalos chegaron a escribir no catálogo de 1974 (páxina 63): “Os nenos galegos teñen dereito a ler libros en galego”. Non obstante, até 1980, en que a venda de LIX aumentou considerabelmente, esta sección do catálogo non recuperou a súa posición inicial, chegando a destacar significativamente nos anos oitenta e noventa.

Por outra banda, a importancia que os editores de Galaxia concederon á tradución de LIX nas súas primeiras fases maniféstase tamén na mención do nome da tradutora, aínda que se omite o dos ilustradores. Nos catálogos que inclúen breves recensións dos libros (1971, 1972, 1974) menciónase a lingua de orixe e destácanse as traducións “requintadas” de Xohana Torres, ademais do carácter didáctico dos libros e as ilustracións d’*Unha nova terra*.

Cada un dos libros coeditados por Galaxia e La Galera atópase hoxe só en catro centros da Rede de Bibliotecas de Galicia¹⁶, salvo o de Candel (1967b) que está en dous. As bibliotecas son máis ou menos as mesmas: as Nodais da Coruña e Ourense e as municipais de Ribadavia, Carballo e O Grove. Estas mesmas, con algunha pequena variación, son as que contan cos mesmos libros

¹⁶ As consultas nesta Rede son do 3 de marzo de 2006. Os resultados son importantes porque as lecturas realizadas en Galicia dependían máis que noutras comunidades autónomas dos libros que se atopaban dispoñíbeis nas bibliotecas. Estes datos non teñen validez en termos absolutos, xa que en moitos casos os fondos das bibliotecas correspondentes ao período estudado se retiraron, permanecen sen catalogar ou informatizar na súa totalidade ou ben expurgáronse. Tal tratamento denota o baixo estatus da LIX que non sexa estritamente actual. Por outra banda, a presenza ou ausencia de cada título nas bibliotecas depende en boa medida da súa canonicidade e mesmo da calidade material do libro, xa que algúns deles foron retirados por deterioración. Así pois, non debemos tomar como moi significativa a ausencia de cada título nos catálogos bibliotecarios en liña. Só a súa presenza pode ser tomada como un dato fiablel.

“La galera de oro” en castelán, cada un presente en dous ou cinco bibliotecas distintas. Isto pode deberse a que a obra en si gustou aos responsábeis dos centros, aínda que a dificultade da lingua galega fixo que se buscasen tamén os textos en castelán. A aceptación da LIX en galego, polo tanto, foi un proceso lento mesmo nas bibliotecas. En canto aos títulos de “Despliega velas”, non se atopan en castelán nas bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia, feito que sinala unha menor difusión e aceptación crítica da colección.

Hoxe en día, *O abeto valente* é o título que se cita en maior número de páxinas web, sobre todo nas dedicadas a Xohana Torres. Os volumes de “Desplega velas” véndense a través da rede por un prezo ínfimo en España (0,21 euros segundo *Unilibro* 2008) ou ben incluídos en lotes de libros infantís en galego, o que demostra a escasa importancia que se lles concede na actualidade¹⁷.

Son poucas as referencias críticas daqueles anos sobre estas traducións. En Galicia publicouse unha recensión dos dous títulos de “A galea de ouro” asinada por S. Lorenzana, que é o pseudónimo de Francisco Fernández del Riego, editor de *Galaxia* e de *Grial*, a revista en que se publica a recensión. Debemos considerar, polo tanto, o que hai aquí de anuncio publicitario máis que de crítica independente. Nesta recensión destácase a modernidade dos contos, os seus valores artísticos e o feito de que estean traducidos ao galego, de modo que a lingua e a literatura galega parecen ser as máis beneficiadas: “Agora, por vez primeira, rematan de saír do prelo dúas fermosas pequenas historias infantís, verquidas á nosa fala pola fina poeta Xohana Torres” (Fernández del Riego, 1967: 118).

Lissón *et al.* (1980: 177) tamén recomentan as traducións de “A galea de ouro”, para nenos de nove a dez anos, entre vinte e tres libros galegos. As redaccións catalá e castelá destas obras, non obstante, eran recomendadas na

¹⁷ De feito, os libros de “Desplega velas” foron retirados da sala de empréstitos polo menos na biblioteca de Carballo. En Barcelona destináronse ao fondo histórico do Centre de Documentació de Literatura Infantil i Juvenil da Biblioteca Xavier Benguerel, xunto cos exemplares en castelán e catalán (ao igual que a maioría de libros deste período). Mantéñense noutras bibliotecas da Xarxa de Biblioteques Populares, pero case nunca son prestados aos usuarios. Os datos referentes aos empréstitos dos libros en bibliotecas foron proporcionados por once bibliotecas públicas galegas (en xaneiro e febreiro de 2007, outras catorce non responderon á consulta) e todas as bibliotecas da Xarxa de Biblioteques Populares (12 febreiro 2007). Debido ao proceso de informatización relativamente recente, só dispoñemos dos datos referentes aos empréstitos dos últimos anos, variando este período segundo cada biblioteca.

mesma bibliografía para nenos de oito anos, e en Victoria Fernández (1983: 59) para terceiro curso de EXB: nenos de sete e oito anos principalmente. Estas diferenzas poden deberse á dificultade engadida que supoñía para os nenos ler en galego, tendo en conta que moi poucos deles empregaran o galego escrito na escola e que a elaboración literaria desta lingua distaba moito, a miúdo, da linguaxe utilizada oralmente. Pola súa banda, Díaz-Plaja (1973: 185, 188) diferencia entre a obra de Cots (1966b), recomendada a nenos de entre dez e doce anos, e o de Vives (1966a), para lectores de menor idade. Probabelmente o tema do primeiro, relacionado co crecemento vital, motivou esta actitude.

Por outra banda, as redaccións catalá e castelá destas obras aparecen en Lissón *et al.* resaltadas con letras maiúsculas (na edición de 1977 só a de Cots), sinal utilizado para os “libros que deberían conocer todos los niños o únicos en su especialidad” (Lissón, 1980: 180). Dende a editorial Teide, a obra de Vives (1966a/c) tamén se recomenda entre os sete “libros que hablan del aire”, ao final de *El aire que respiras/ L'aire que respire* (Amèlia Benet, 1968). Pero quizais a referencia máis significativa, dentro do ámbito castelán, é a inclusión de ambos os títulos de “La galera de oro” na Lista de Honor do Premio da CCEI, co oitavo posto para Cots (1966b) e o décimo terceiro para Vives (1966a). Así pois, estes libros foron apreciados entre os críticos e pedagogos cataláns, casteláns e galegos¹⁸. En canto á colección “Desplega velas”, non aparecen os títulos galegos en ningún dos catálogos consultados (nin sequera o volume escrito por Xohana Torres), o que contrasta co tratamento recibido polas mesmas obras nas súas redaccións catalá e castelá. Estas aparecen en Lissón *et al.* (1977, 1980), recomendadas para nenos de sete anos (a obra de Valeri) ou de oito (a de Candel). O título de Valeri (1967a), aínda que xa non aparece na segunda edición de Lissón *et al.*, na primeira delas estaba marcada cun asterisco. Indícase así que a obra se encontra esgotada pero merece ser buscada.

Díaz-Plaja (1970a: 133, 201; 1973) recomenda o libro de Candel (1967c), na súa tradución catalá, para nenos de dez a doce anos, guiándose polo contido máis que pola colección. Valora o ensino que transmiten as dúas obras de

¹⁸ Aínda que no libro non se especifica, Lissón declara que a selección de libros galegos de Lissón *et al.* (1980) foi realizada por críticos radicados en Galicia (en conversa telefónica do 31 de xaneiro de 2007).

“Desplega vela” aquí consideradas e afirma que a de Valeri e Balzola está “molt ben escrita i dibuixada”. Así pois, resulta difícil explicar a ausencia destas obras na sección de libros en galego, talvez debida a un cambio na percepción crítica ao final do período. En calquera caso, o que se reflicte aquí é que a colección galega pasou máis desapercibida que a catalá, a pesar de que o número de obras “en competencia” era moito menor.

Nunha selección realizada dende Alemaña, a catalá Tura-Soteras (1978) inclúe os títulos de Vives (1966a), Valeri (1967a) e Candel (1967a), o que indica o aprecio que tiñan por estas obras aqueles que as coñecían. A de Cots (1966b), en cambio, queda fóra da selección a pesar de ser destacada nas bibliografías de Lissón *et al.* En canto ás idades recomendadas, Tura-Soteras baixa (con respecto a Lissón *et al.*) as da obra de Vives (para nenos de sete a nove anos) e Valeri (de catro a seis), mentres que mantén a de Candel para nenos de sete a nove anos. Obsérvase, pois, que a diferenza non radica na extensión do texto ou a complexidade estilística, senón no contido. Así, o libro sobre a amizade e de estrutura paralelística similar á dos contos populares asígnase aos nenos que comezan a ler, mentres que para asimilar unha visión crítica da realidade se considera que é necesaria maior madureza.

54

Xa nos anos noventa, Cobas Brenlla (1991: 84) recomenda na súa historia da LIX galega “A galea de ouro” para nenos de sete anos e “Desplega velas” para os de seis. Blanco (1991: 206), en cambio, limítase a citar estas traducións como parte da obra infantil de Xohana Torres. Pola súa importancia histórica son tamén citadas en Fernández Paz (1989: 24), Áurea Fernández (2005: 478), Roig (2006b: 31-32), Camino Noia (2004: 773) e Neira Vilas (1999), aínda que nesta última referencia a colección “Desplega velas” só aparece por alusión, reflectindo así un estatus menor con respecto a “A galea de ouro”.

Cabe indicar tamén que Galaxia e La Galera proxectaran a continuación das dúas coleccións iniciadas, incorporando nos anos seguintes polo menos as traducións dos libros que xa se publicaran até ese momento en catalán e castelán. Así se reflectía na cuberta posterior dos libros, na que se len todos os títulos publicados (en primeiro lugar) e os proxectados a continuación. Non obstante, deixáronse de traducir porque o volume de vendas alcanzado por estes catro primeiros libros non foi como se esperaba, debido a cuestións sociolingüísticas:

las familias de los niños que hablaban gallego, marginadas social, cultural y económicamente, ni tan siquiera llegaron a saber de la existencia de esos libros; y las familias que podían comprarlos, por su situación económica y por vivir en ámbitos urbanos en los que el libro estaba presente, eran las que estaban obsesionadas por escapar de todo lo que sonase a gallego (Fernández Paz, 1995: 231).

Tamén hai que ter en conta a baixa taxa de lectura e de posesión de libros en Galicia (Cendán, 1986: 163-185), así como o xeneralizado analfabetismo en galego. Como resultado, “solo sectores muy minoritarios del profesorado hicieron uso de aquellos primeros libros en gallego” (Fernández Paz, 1995: 231). A diglosia lingüística, a falta de competencia lectora e o escaso hábito da lectura en galego, pois, foron os motivos principais da lenta formación da LIX galega, que até 1979 non posúe unha produción anual superior aos dez títulos.

Polo tanto, as primeiras traducións de LIX ao galego careceron de continuidade. Non se fixeron tampouco reedicións. Non obstante, serviron para que produtores e institucións se fixesen conscientes dunha lagoa na literatura galega, visto que a LIX existía xa tanto nos outros polisistemas do ámbito español coma nas literaturas europeas máis prestixiosas. Así, en 1967 publícanse outros tres libros dirixidos a nenos e mozos. Os responsábeis de Galaxia, que xa coeditaban con La Galera, continuaron coa iniciativa, aínda que tamén Edicións Castrelos publicou un libro de folclore sobre o Nadal (Álvarez Blázquez, 1967), tema habitualmente asociado á infancia.

Galaxia, consciente da importancia das ilustracións, a tipografía e o formato ante a súa experiencia con La Galera, publica *O lobo e o raposo* (1967), cuns paratextos propiamente de LIX aínda que reducindo custos a través da mono ou bicromía.

4. Conclusións

Como vimos, pois, a LIX galega nace condicionada, vinculada e en situación de dependencia respecto ás literaturas da súa comunidade interliteraria específica. Así o demostra o feito de que fora a LIX destas literaturas veciñas a que provocara a necesidade de crear un sistema paralelo no polisistema galego. Ademais créanse as primeiras obras traducindo algúns títulos das LIXs

atalá e castelá, utilizando as traducións ponte ao castelán e publicando os textos meta en coedición cunha editorial catalá, debido á débil industria editorial galega. Podemos dicir, polo tanto, que contrasta aquí o papel activo de La Galera co pasivo do polisistema central da comunidade interliteraria específica. É dicir, utilízanse textos casteláns como punto de partida ou como ponte para as traducións ás literaturas periféricas, a miúdo sen que os produtores da LIX castelá interveñan nelas.

Os títulos, seleccionados tamén por La Galera, son representativos dalgunhas tendencias que se continuarían nos anos seguintes: o predominio dos álbums ilustrados entre as traducións, a importancia das mulleres (Blanco, 1991: 229) e o predominio dos escritores entre os tradutores ao galego, que ven na tradución unha tarefa creativa e sobre todo unha forma de contribuír á normalización lingüística.

As normas de tradución manifestan un contraste entre as puntuais adaptacións culturais do texto, as paisaxes catalás das ilustracións e a adecuación con respecto ás estruturas sintácticas do castelán. Tal combinación cultural e lingüística reflicte as dificultades da tradución a un polisistema periférico que carecía de tradición de LIX, e que depende das literaturas da súa comunidade interliteraria específica para iniciar a formación dun novo sistema. Na linguaxe diferencial obsérvase certa vontade de afastamento con respecto á literatura central da comunidade, pero as dependencias mantéñense patentes ante a necesidade de recorrer a unha lingua ponte e ante a ausencia dunha tradición de LIX que guiase as normas de tradución.

A repercusión entre o público foi moito menor na literatura galega que na catalá ou castelá, como foi habitual durante todo o período. As razóns atópanse tanto no precario desenvolvemento do mercado literario galego coma na baixa taxa de alfabetización en galego e na preferencia polos autores nacionais. A crítica galega fora boa ao valorar a contribución que facían as traducións á normalización lingüística e literaria, pero até os últimos anos setenta apenas chegaron estas obras ao público en xeral. De feito, a ausencia case total de reedicións das traducións ao galego aquí presentadas sinala que estas obtiveron unha acollida entre o público menos favorábel que a de obras galegas autóctonas posteriores. A preferencia pola lectura en castelán (que permitía acceder ás mesmas obras) e polos autores galegos, por parte dunha minoría nacionalista, explican esta tendencia.

Hoxe en día as catro traducións só se recordan pola súa importancia histórica. Constitúen as primeiras publicacións de LIX en galego tras a Guerra Civil e serviron para chamar a atención sobre unha lagoa no polisistema galego. Os editores e outras entidades trataron de cubrir esta lagoa nos anos posteriores, cunhas publicacións xa moi afastadas das pioneiras. De todos os xeitos, pódese dicir que a LIX galega naceu vinculada ás dúas literaturas máis centrais da comunidade interliteraria específica española, sen as cales talvez a creación dun sistema propio de LIX se situaría uns anos máis tarde.

Mónica Domínguez

Universidade de Santiago de Compostela

Bibliografía

Acuña, J. 1936. *Agromar. Farsa pra rapaces*. Lugo: Palacios.

Álvarez Blázquez, Xosé María (ed.). 1967. *Cantos de nadal, animovo e reis*. Vigo: Castrelos.

Benet, Amèlia. 1968. *El aire que respiras*. Ilustracións de Enrica Casademont. Barcelona: Teide.

Blanco, Carmen. 1991. *Literatura galega da muller*. Vigo: Xerais.

Blanco-Amor, Eduardo. 1974. *Teatro pra a xente*. Ilustracións de Xohán Ledo. Vigo: Galaxia.

Candel, Francisco. 1967a. *Una nova terra*. Ilustracións de Cesc. Tradución de Marta Mata. Barcelona: La Galera.

— 1967b. *Unha nova terra*. Ilustracións de Cesc. Tradución de Xohana Torres. Vigo: Galaxia/Barcelona: La Galera.

— 1967c. *Una nueva tierra*. Ilustracións de Cesc. Barcelona: La Galera.

Casas, Álvaro de las. 1936. *Teatro dos nenos. Monólogos*. Noia: Loroño.

Cendán, Fernando. 1986. *Medio siglo de libros infantiles y juveniles en España (1935-1985)*. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez/Pirámide.

Chisholm, Loney. 1922. *Os catro cisnes brancos: lenda celta*. Tradución de Manoel Fernández Barreiro. A Coruña: do Rueiro.

- Cobas Brenlla, Xulio. 1991. *Historia da literatura infantil e xuvenil galega*. Santiago de Compostela: Velograf.
- Corpus de Referencia do Galego Actual*. 2007. [en liña]. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <<http://corpus.cirp.es/cor-gaxml/buscas.html>> [Consulta: 13 de marzo de 2007].
- Correa Calderón, Evaristo. 1927. *Margarida a da sorriso d'aurora*. Ilustracións de X.P. A Coruña: Nós.
- Costa, Antón. 1996. “Chanzos no camiño da galeguización do ensino”, en *Revista Galega de Educación*, n.º 25, pp. 36-40.
- Cots, Jordi. 1966a. *O abeto valente*. Ilustracións de Maria Rius. Tradución de Xohana Torres. Vigo: Galaxia/Barcelona: La Galera.
- 1966b. *El abeto valiente*. Ilustracións de Maria Rius. Tradución de Carola Soler. Barcelona: La Galera.
- 1967. *La pluja que va ploure per primera vegada*. Ilustracións de Ismael Balanyà. Barcelona: La Galera.
- e Francesc Maspons (adapts.). 1973. *El poll i la puça*. Ilustracións de Carmen Solé. Barcelona: La Galera.
- Díaz-Plaja, Aurora. 1970a. *La biblioteca a l'escola*. Barcelona: Nova Terra.
- 1973. *La biblioteca en la escuela*. Barcelona: Nova Terra.
- Díaz Baliño, Camilo. 1928. *Conto de guerra*. Ilustracións de Camilo Díaz. A Coruña: Nós.
- Domínguez, Mónica. 2008a. “*Polo mar van as sardiñas* y sus traducciones”, en *Madrygal*, n.º 11.
- 2008b. *Las traducciones de literatura infantil y juvenil en el interior de la comunidad interliteraria específica española (1940-1980)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. [Edición en CD-Rom]
- Fernández, Áurea. 2005. “Tradución e manipulación na última etapa franquista. O caso das obras xuvenís-infantís”, en *Mundos en conflicto: representación de ideoloxías, enfrontamentos sociais e guerras en la literatura infantil y juvenil* (eds. V. Ruzicka et al.). Vigo: Universidade de Vigo, pp. 469-484.
- Fernández, Victoria. 1983. *La Isla de los cuentos*. 2ª edición. Oviedo: Principado de Asturias, Consejería de Educación y Cultura.

- Fernández del Riego, Francisco. 1967. “Contos de nenos en galego”, en *Grial*, 15, pp. 117-119.
- Fernández Paz, Agustín. 1989. *Os libros infantís galegos*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia.
- 1995. “El libro infantil y juvenil en Galicia: entre la invisibilidad y la normalización (ponencia institucional de GÁLIX)”, en *24º Congreso Internacional del IBBY de Literatura Infantil y Juvenil. Memoria* (VV.AA.). Madrid: OEPLI, pp. 227-234.
- Garberí, Francisca, et al. (adapts.). 1970. *La formigueta que va a Jherusalem*. Ilustracións de Carmen Solé. Barcelona: La Galera.
- et al. (adapt.). 1971. *En Patufet*. Ilustracións de Joma. Barcelona: La Galera.
- Graña, Bernardino (ed.). 1963. *Contos populares da provincia de Lugo*. Vigo: Galaxia.
- Lissón, Asunción G.S., et al. (dirs.). 1977. *¿Qué libros han de leer los niños?* Barcelona: Rosa Sensat.
- et al. (dirs.). 1980. *¿Qué libros han de leer los niños?* 2ª ed. Barcelona: Rosa Sensat.
- Lobo e o raposo, O*. 1967. Ilustracións de Trichi et al. Vigo: Galaxia.
- López, Benigno, e José Mª Paz. 1956. *Belén en Galicia: versos infantiles y populares que se recitan en la costa norte de Galicia ante el “Nacimiento”*.
- Lueiro Rey, Manuel. 1974. *Non debían medrar*. Ilustracións de Isaac Díaz. Sada (A Coruña): do Castro.
- Neira Vilas, Xosé. 1999. “Noticia e confesión”, en *Fadamorgana*, n.º 2, p. 33.
- Noia, Camino. 2004. “El ámbito de la cultura gallega”, en *Historia de la traducción en España* (eds. L. Pegenaute e F. Lafarga). Salamanca: Ambos Mundos, pp. 721-790.
- Rede de Bibliotecas de Galicia. 2006. *Catálogo colectivo* [en liña]. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia <http://catalogo.rbgalicia.org/search*gag~S31> [Consultas: 3 de marzo de 2006].
- Roig, Blanca-Ana. 1996. *A Literatura galega infantil: perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. [Microforma].
- 2004. “Literatura infantil e xuvenil en Galicia: dos inicios á consolidación”, en *Boletín galego de literatura*, n.º 32, pp. 141-167.

- (coord.). 2006a. “Produción da literatura infantil e xuvenil en galego” [en liña], en *Universidade de Santiago de Compostela*. <http://web.usc.es/~fgroig/produccion_de_LIX_galega.pdf> [Consulta: 9 de xaneiro de 2007].
- 2006b. “Ramón Piñeiro e a literatura infantil”, en *Encontro con Ramón Piñeiro* (coords. C. Ferreiro e I. Pena). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 29-39.
- Saint-Exupéry, Antoine de. 1972. *O Principiño*. Ilustracións de Antoine de Saint-Exupéry. Tradución de Carlos Casares. Vigo: Galaxia.
- Torres, Xohana. 1967. *Polo mar van as sardiñas*. Ilustracións de Ismael Balanyà Moix. Vigo: Galaxia/Barcelona: La Galera.
- Tura-Soteras, Margarita M. 1978. *Spanien. Literatur für Kinder ausländischer Arbeitnehmer*. 2ª ed. München: Internationale Jugendbibliothek.
- Unilibro* [en liña], 2008. <http://www.unilibro.es/find_buy_es/result_scrittori.asp?scrittore=VALERI%2C+MARIA+EULALIA&idaff=0> [Consulta: 28 de xullo de 2008].
- Valeri, Mª Eulàlia. 1967b. *Todos los niños del mundo seremos amigos*. Ilustracións de Asun Balzola. Tradución de Carola Soler. Barcelona: La Galera.
- 1967c. *Todos os nenos do mundo seremos amigos*. Ilustracións de Asun Balzola. Tradución de Xohana Torres. Vigo: Galaxia/Barcelona: La Galera.
- Ventura, Núria. 1970. *Libros infantiles en catalán. Bibliografía 1939-1970*. Tesiña presentada na Escola de Biblioloxía de Barcelona.
- Villanueva, Darío. 1989. *Comentario de textos narrativos: la novela*. Gijón: Júcar.
- Vives de Fàbregas, Elisa. 1966a. *El globo de papel*. Ilustracións de Fina Rifa. Tradución de Carola Soler. Barcelona: La Galera.
- 1966b. *O globo de papel*. Ilustracións de Fina Rifa. Tradución de Xohana Torres. Vigo: Galaxia/Barcelona: La Galera.
- 1966c. *El globus de paper*. Ilustracións de Fina Rifa. Barcelona: La Galera.
- VV.AA. 1988. *La Galera, 1963-1988: 25è aniversari*. Barcelona: La Galera.